



A RADIO COMO AXENTE NORMALIZADOR TECENDO REDES DE COLABORACIÓN

MANOLO MASEDA DEÁN



PRESENTACIÓN

- ▶ O meu nome é Manolo Maseda e son docente de música no IES do Milladoiro dende este curso. O meu anterior destino era o IES de Baio, no que tamén impartía Imaxe e Son, Xestión Cultural e Regueifa.
- ▶ Levo anos realizando cursos de formación para profesorado en ferramentas audiovisuais.
- ▶ Felizmente formo parte da Equipa de Dinamización do IES do Milladoiro. Na radio sigo aprendendo con Tina Formoso e Mila Diéguez a normalizar a nosa lingua a través das ondas, coa complicidade do alumnado activista.

O Milla **fala** doiro



Estructura da Presentación

Xustificación

Marco Teórico


Propostas de Intervención

Conclusións

- A Radio na lexislación educativa
- Ferramentas
- Metodoloxía

- Referentes
- Necesidades Técnicas (Recursos)
- Propostas

Xustificación



• A Radio na lexislación educativa

LOMCE/LOMLOE

Música

2º, 3º, 4º ESO

Cultura
Audiovisual

1º e 2º de BACH

Imaxe e Son

2º BACH

Galego

1º BACH

• A Radio como ferramenta

Formatos diversos

Linguaxe oral

Linguaxe escrita

Empoderamento

Medios técnicos

Medio de expresión

Proxección comunitaria

Ferramenta didáctica complementaria

Trabajo colaborativo

Inclusión

Autoxestión

Activismo

Marco Teórico: Metodoloxía

Aprendizaxe significativa

Papel activo do alumnado

Autonomía e Autoxestión

Traballo por proxectos


Colaborativa

Transversal


PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN: REFERENTES




PONTE NAS ONDAS (<http://escolasnasondas.com/>)



PROXECTO NEO (<http://proxectoneo.blogspot.com/>)



CUAC FM
(<https://cuacfm.org/formacion-en-cuac-fm/escolaradio/>)



RADIO NA BIBLIO (<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/31995>)

PROPOSTA DE INTERVENCIÓN: RECURSOS




Micro de condensador




Tarjeta de son



Pé de micro



Filtro anti-pop




Cabo XLR



Auriculares fechados



2 altofalantes



DAW de grabación
(Reaper, Audacity...)



Computador



Proxector

XESTIÓN DOS RECURSOS



- ▶ PÓDESE SOLICITAR A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA BIBLIOTECAS (<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/31995>)
- ▶ PÓDESE EMPREGAR A RADIO MUNICIPAL (SE EXISTE)
- ▶ PÓDESE XESTIONAR A COMPRA DE MATERIAL CON FONDOS DEPARTAMENTAIS (Por 100 € podemos atopar un equipo básico de Pod Cast)

PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN: A RADIO

<https://omillafaladoiro.blogspot.com/2020/12/dia-da-musica-en-diario-dunha-estudante.html>

PROGRAMACIÓN CONTINUADA

TRABALLO XORNALÍSTICO

COORDINACIÓN DE CONTIDOS

EMISIÓN NA REDE

PROPOSTA DE INTERVENCIÓN: PAISAXES SONORAS

- <https://prezi.com/view/QtFYOQpxjQAQjODyzHsy/>
- <https://aosondorural.wordpress.com/2019/05/29/ao-son-do-patrimonio/>



Sitúa a quen
escoita de
xeito inclusivo



Representa
a contorna



Repercute
na
comprensión
do mundo



Valora o
patrimonio



PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN: O PODCAST

<https://omillafaladoiro.blogspot.com/2020/11/radio.html>


- Adaptación ás necesidades educativas
- Pódese escoitar en calquera momento
- Están localizados en páxinas de libre acceso
- Poden ser descargados, manipulados e reproducidos

A RADIO COMO ESTUDO DE GRAVAÇÃO

XENTE



AO SON DO RURAL



Proposta de Intervención: Teatro Radiofónico

Empregar os códigos expresivos dos produtos audiovisuais

Elaborar guións teatrais, adaptalos...

Dramatizar, empregar efectos de son...

Mesturar e masterizar o produto final mediante aplicación dixitais



PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN: O RELATO

COSMONAUTAS TERRÍCOLAS (Teresa Cousillas / 1º BACH / Baio)

Se alguén me está escoitando dende algún remoto recuncho do universo, que non creo, gustaríame contarvos algo. Así eu desafógome e vós, non sei, quizais vos sirva para non acabar como a miña especie, os seres humanos. Veredes, nós viviamos nun planeta que chamabamos a Terra, aínda que había moita máis auga que terra. Non teño lembranzas dese lugar porque marchamos cando era moi pequena, só tiña dous anos; pero, así e todo, asegúrovos que me podedes preguntar o que queirades sobre a Terra e saberei respondervos. A que non sabedes por que? Oiii, non sei que parezo aquí falando cara o baleiro! Como me vexa alguén chafullando no transmisor de ondas sonoras, fíxena boa.

Bueno, agora xa foi, dicía que sei unha morea de cousas sobre a Terra porque nolo ensinan na escola e, ademais, a familia sempre está a falar do que un día foi o seu fogar. Pero non é o meu! Levo toda a miña vida nesta astronave. Non me gusta moito, pero recoñezo que é ben mellor que un lugar no que non hai máis que furacáns, tormentas, secas, inundacións... Xa non se podía vivir na Terra! A medida que subía o nivel do mar debido ao derretemento dos polos, as poboacións costeiras abandonaban as súas casas e instalábanse no interior, eran os refuxiados climáticos. Porén, chegou o momento no que non había ningún lugar onde refuxiarse. Nin as plantas nin os animais lograban adaptarse ás novas condicións climáticas, así que non había nada para levarse á boca. Entón lanzáronse ao mercado uns sobres elaborados nos laboratorios que contiñan todos os nutrientes necesarios para vivir, mais non todo o mundo podía permitirse eses produtos. Así pois, unhas cantas multinacionais enriquecíanse mentres a xente con menos recursos morría de fame. Pero a meteoroloxía adversa non facía distincións entre ricos e pobres, así que quen puido mercar unha nave fuxiu daquel inferno e quen non ficou nel. Tiven a sorte de pertencer á minoría que marchou.

Sinceramente, non entendo por que nos fan estudar un mundo que xa non existe! Disque é para que non cometamos os erros do pasado, veña xa, como se eles aprenderan algo do crack do 29, a crise do petróleo de 1973, a pandemia do covid-19 no 2020 ou a do covid-26 no 2027. Agora moito falar do seu fogar, pero destruírono! Vían como o envelenaban por culpa das sociedades e economías que construíran e non facían nada por cambio! Meus pais cabréanse cando falo así; dinme que son inxusta porque daquela había moita concienciación cidadá e incluso movementos ecoloxistas, pero o que pasa é que non é doado cambiar as cousas. Non, se xa o vexo! Andamos deambulando pola Vía Láctea a bordo das nosas naves espaciais; pero seguimos coa nosa mentalidade destrutora e acaparadora. Antes tiñámonos polos donos do planeta, agora da galaxia e moi pronto do universo! Antes explotabamos os recursos da Terra e agora os do espazo! Somos como piratas que navegan na profunda negrura do cosmos á procura de corpos celestes que asaltar; xa sexa perforando asteroides e satélites para extraer minerais ou absorbindo a gran cantidade de enerxía que liberan as estrelas, así como o hidróxeno que teñen por combustible ata que este se esgota e no núcleo estelar non queda máis que helio. Entón a estrela arrefría e apágase. Antes asasinabamos animais e agora estrelas. Sempre deixamos un rego de destrución por onde pasamos. Aínda que algúns devecen por atopar un planeta con condicións favorables para a vida humana, eu desexo con todas as miñas forzas que xamais o encontremos porque xa sabemos como acabaría a historia.



Proposta de Intervención: REPOSITORIOS EXPANSIVOS

• <https://omillafaladoiro.blogspot.com/2020/12/xa-temos-o-repositorio-de-carvalho.html>

• Construír de xeito partillado un espazo de creatividade

• Organizar e deseñar unha folla de ruta para coordinar os diferentes centros

• Establecer unhas condicións técnicas de formato comúns

• Realizar unha revisión dos arquivos sonoros para axustar volumes, revisar ruídos...

• Darlle difusión ao repositorio para que o empregue quen o precise

PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN: DIVERSAS

- Tratamiento dos contidos curriculares
- Historias de vida
- Audio-libros
- Lecturas de Tránsito (primaria-secundaria)
- Regueifas
- Dobraxes, memes ...



Conclusións

Funcións da linguaxe radiofónica – Visión máis crítica da información

Traballo cooperativo e autoxestión

Mellora comunicativa en galego

Uso das TIC – Uso diverso da tecnoloxía

Posta en valor da identidade e a cultura

Empoderamento do alumnado

Traballo Teórico vs Traballo Práctico

Aprendizaxe significativa e diversión



OBRIGADO POLA VOSA ATENCIÓN

manolomaseda@edu.xunta.gal



*II Xornadas de Normalización Lingüística
Debate e reflexión sobre a lingua no ensino*

MANOLO MASEDA

A RADIO COMO AXENTE NORMALIZADOR.
TECENDO REDES DE COLABORACIÓN

-Docente de música no IES do Milladoiro.

Sempre **enrolado** en proxectos que carga/cargados de **emocións**, desde a Burela natal para a **realidade social** dos lugares nos que se insire. **Empoderamento** desde a **radio** por e para o alumnado, coas ondas abertas á **comunidade educativa** desde o noso **contedor** cultural e **lingüístico**, **implica** a escolares e familias... xa for cun acordeón, xa cunha sulfatadora ao lombo.

Para coñecelo un pouco máis velaquí descubríndonos *A chave das noces* -sulfatadora en man- na lingua, no ensino e tecendo redes. Vídeo elaborado para o LGx15

